

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



ANUNCIO

Orde de execución por edificación en mal estado. Notificacións infrutuosas.

Expediente 2024/I004/000012.

Por medio deste anuncio ponse en coñecemento que por Resolución da Alcaldía número 91 do 16 de xaneiro de 2025 ordénase a execución das obras necesarias para emendar as deficiencias detectadas no edificio en mal estado situado na rúa Sol, número 16, de Carballo (Referencia catastral 5344509NH2854N0001RY). O incumprimento desta orde habilitará para aplicar o previsto no artigo 136 da LSG que prevé a execución forzosa mediante multas coercitivas de 1000 a 10000 euros (artigo 136.4 LSG).

A dita resolución foi notificada aos propietarios do inmovible, de acordo co disposto no artigo 42 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, co resultado de ser infrutuosas as notificacións dos seguintes interesados:

HERDEIROS DE MARÍA LORENZO RODRÍGUEZ, representados por MARÍA JOSÉ SOUTO FACAL

O artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que “cando os interesados nun procedemento sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación ou ben, cando, intentada esta, non se puidese practicar, a notificación farase por medio dun anuncio publicado no Boletín Oficial del Estado”.

En consecuencia e, segundo o exposto no parágrafo anterior, publícase este anuncio polas notificacións infrutuosas aos citados interesados no procedemento, comunicándolles que:

Primeiro: O texto íntegro da notificación xunto coa totalidade do expediente atópase a súa disposición na Oficina Técnica do concello de Carballo, situada na 1ª planta da Casa Consistorial, na Praza do Concello, onde poderán examinalo no prazo de 10 días, contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOE. Transcorrido o dito prazo, a notificación entenderase producida a todos os efectos legais.

Segundo: Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer de forma potestativa o recurso de reposición ante o alcalde do concello de Carballo no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contenciosa Administrativa.

En Carballo, 6 de maio de 2025

O alcalde – Evencio Ferrero Rodríguez